



un 2017 de **Loita**

A CIG INICIA UNHA CAMPAÑA POLA RECUPERACIÓN DE DEREITOS

MEDRAN A EXPLOTACIÓN E OS RECORTES

Desde o ano 2010, cos Gobernos españois do PSOE e do Partido Popular, especialmente nestes catro últimos anos co goberno do PP, promovéronse toda unha serie de políticas laborais, sociais e económicas que supuxeron un importante retroceso en dereitos e calidade de vida para a clase traballadora.

Exemplos destas políticas antisociais e antiobreiras témolos nas contrarreformas en materia de contratación, xornada laboral, prestacións por desemprego, negociación colectiva, pensións ou liberdades públicas, xunto con importantes recortes no investimento público en infraestruturas, ensino, saúde e servizos asistenciais.

As consecuencias destas políticas, pensadas para protexer e defender os intereses da oligarquía española (bancos, grandes construtoras, multinacionais da enerxía, da alimentación ou do téxtil, etc.), trouxo como consecuencia a sobreexplotación da clase traballadora e o seu debilitamento económico e reivindicativo.

Os gobernos españois de PP e PSOE promoveron políticas antisociais e antiobreiras.



EMPEORAMENTO DAS CONDICIÓNS DE VIDA

Caída dos salarios, xornadas abusivas de traballo, despedimentos masivos, contratos por horas, modificacións substanciais das condicións de traballo, incumprimento polas empresas do pactado nos convenios, empeoramento das prestacións por desemprego, incremento do número de horas extras impagadas e non cotizadas, retroceso tanto no acceso como na contía das pensións públicas, deterioración do ensino, saúde e servizos públicos de asistencia social ou recorte das liberdades públicas. Mentres se dá este empeoramento das condicións de traballo e de vida de amplos sectores da poboación, incrementábase o número de ricos e o seu patrimonio ao tempo que aumentan as desigualdades sociais, a pobreza e a exclusión social.

No caso de Galiza, ademais, agrávanse estas mesmas consecuencias coa destrución dos nosos sectores produtivos básicos e da nosa industria, co espolio que sufrimos da nosa enerxía, do noso aforro, das nosas materias primas, do



noso excedente económico, da nosa man de obra en permanente camiño para a emigración e na falta de soberanía política para poder decidir por nós mesm@s.

Non nos podemos conformar e permitir que esta situación de perda dereitos e de calidade de vida se consolide. Na lexislatura anterior, a maioría absoluta do PP permitiulle levar adiante todas estas políticas clasistas, elitistas, impostas con total arrogancia, prepotencia e desprezo cara ás clases traballadoras, negando calquera posibilidade de diálogo e consenso do que agora tanto falan Rajoy, Feijoo e demais dirixentes do Partido Popular. Tiñan que ser fieis á súa ideoloxía de dereitas e defender os intereses da burguesía que representan, e así o fixeron.

Nos últimos anos perdéronse dereitos laborais e incrementáronse as desigualdades, a pobreza e a exclusión social.

AVANZANDO CARA Á FOLGA XERAL

Pois ben, hoxe o PP non ten maioría absoluta no Parlamento español, que é a institución que ten competencias en todas estas materias; polo tanto, é o momento de que a clase traballadora nos mobilicemos para recuperar os dereitos perdidos e esixir do Goberno español e das forzas políticas presentes neste -nomeadamente daquelas que se definen da oposición e da esquerda- que promovan proxectos de lei que tiren abaixo todas estas políticas e estas contrarreformas laborais e sociais que tanto mal están a facer ás maiorías sociais.

Non permitamos que a dereita, a oligarquía e o PP saian coa súa pola vía da chantaxe e das actitudes antidemocráticas e despóticas que practican habitualmente. É o momento de acumular forzas e de mobilizarnos, sen descartar mesmo o chegar de novo á convocatoria dunha FOLGA XERAL que obrigue o PP a retroceder nas súas posicións antisociais e antiobreiras.

A CIG aposta pola mobilización para esixir a derogación das contrarreformas laborais e sociais.



A CIG entende que a recuperación deses dereitos perdidos e a posta en práctica doutras políticas que permitan camiñar cara a unha situación de emprego, salarios, pensións e condicións de traballo dignas, pasarían polas alternativas que a CIG temos recollidas na ILP das 100 Medidas para a creación de Emprego en Galiza e das nosas Propostas en materia laboral e social para unha nova lexislatura e que, entre outras, son :

- **A derogación inmediata das contrarreformas laborais, da negociación colectiva, das pensións e da chamada “Lei mordaza” (Lei 35/2010, RDL 20/2012, Lei 3/2012, Lei Orgánica 4/2015...).**
- **Derogación da LOMCE e do Decreto do Plurilingüismo.**
- **Derogación do art. 315.3 do C.P**
- **Eliminación das subvencións xenéricas á contratación.**
- **Eliminación das contratación parcial involuntaria.**
- **Eliminación da subcontratación en cadea.**
- **Supresión do IPREM. Utilización do SMI como referente para o cálculo das prestacións públicas.**
- **Unha nova política fiscal ao servizo dos intereses da maioría social.**
- **Unha nova política financeira e crediticia e a creación dunha Banca Pública.**
- **Redución de xornada laboral ás 35 horas.**
- **Recuperación da causalidade na contratación.**
- **Nova regulación do despedimento por causas obxectivas.**
- **Dereito ao subsidio por desemprego para os/as maiores de 52 anos.**
- **Salario de inserción laboral.**
- **SMI do 60% do salario medio.**
- **Defensa dos servizos públicos. Incremento do investimento público en ensino, saúde, asistencia e protección social, infraestruturas e I+D+i.**
- **Apoio aos nosos sectores produtivos.**



MOBILIZACIÓNS

28 DE XANEIRO

MANIFESTACIÓN NACIONAL (SANTIAGO DE COMPOSTELA, NA ALAMEDA ÁS 12H)

15 DE FEBREIRO

MOBILIZACIÓNS COMARCAIS

10 DE MARZO

MOBILIZACIÓNS COMARCAIS